




**1. EMPRAZAMENTO**



**DATOS XERAIS**

Comarca: Costa da Morte. Sector: Ría de Corme e Laxe. Municipio: Laxe. Parroquias: Santa María de Laxe. Extensión: 0,3km2.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Sector acantilado convexo de gran potencia, con paredes e vertentes moi inclinadas, por veces, case verticais, como no sector das furnas do Paso e do Asno. A medida que se achega á cima, a vertente perde inclinación. A cima é aplanada. A zona do Faro de Laxe presenta unha pequena repisa aplanada frontal.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Unidade completamente incluída no Dominio hercínico mediante un granito de dúas micas, de gran medio a groso, lixeiramente orientado, o granito Tipo Laxe. Dique pegmo-aplítico entre Punta Besugueira e Punta da Ola.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Unidade de clima homoxéneo con valores anuais medios de temperatura por riba dos 15°C e entre 1200mm e 1400mm de precipitación anual acumulada. A amplitude térmica oscila entre os 12,5°C e os 13,5°C ao ano. Dominio climático Cálido e Húmido.

#### OS SOLOS

A proximidade do rochedo granítico á superficie dá lugar a solos pouco desenvolvidos, regosois en xeral. Na ladeira norte do Monte da Insua só aparece un leptosol lítico.

#### AS AUGAS

A rede de drenaxe desta unidade encóntrase moi limitada polas pendentes verticais dos cantís, entre os que existen algunhas valgas pouco marcadas. A masa de Augas Costeiras que baña a unidade é a da Punta de Insua (20137).

#### O PATRIMONIO NATURAL

Agás o extremo sueste, a unidade está protexida polo LIC Costa da Morte. Conta coa calidade de estar incluída na área de importancia para as aves (IBA) "Costa da Morte". Trátase dunha unidade acantilada dominada polo hábitat 1230 de cantís mariños atlánticos. Aparecen covas costeiras dando vida ao hábitat 8330 de covas mariñas mergulladas e semimergulladas. As vertentes sobre os cantís presentan matos costeiros dos hábitats 4030, breixos secos europeos e 4040, breixos secos atlánticos costeiros con Erica vagans. Algúns afloramentos graníticos inclúen hábitats do grupo 82, pendentes rochosas con vexetación casmofítica.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

A maior parte da unidade está dominada por formacións vexetais adaptadas á vida no litoral. Este tipo de flora parte da liña de cantís, acomodándose ás difíciles condicións edáficas e ambientais deste espazo, e introdúcese cara ao interior subindo polas ladeiras de Monte da Insua até chegar a cubrir toda a unidade. Intercalados nesta vexetación predominante aparecen pequenos rodais dedicados ao monocultivo de eucalipto e piñeiro. Os espazos artificiais limitáanse á presenza de dúas edificacións illadas próximas á EDAR de Laxe que ocupa os terreos dunha antiga canteira de granito.

#### MORFOLOXÍA

A tipoloxía das edificacións non responde a ningunha estrutura determinada xa que se trata de construcións illadas con parcelas pechadas unidas e situadas nun espazo aberto. A estrutura do parcelario non é perceptible entre a vexetación. En xeral correspondíase con parcelas de escasa entidade, hoxe abandonadas, delimitadas por pequenos muros de pedra.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Existen unha serie de camiños rurais que comunican este espazo coas unidades veciñas e que permiten bordear o Monte da Insua á vez que dan servizo ás vivendas que sobre el se instalan. A única estrada asfaltada que hai na unidade é a que comunica a vila de Laxe co faro do mesmo nome.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

Non se distinguen elementos artísticos ou patrimoniais catalogados ou salientables nesta unidade. No entanto, cabe mencionar o faro de Laxe, unha edificación de gran beleza situada nun enclave privilexiado ao que acoden, polo seu simbolismo, multitude de visitantes. O Faro de Insua, situado na Punta do mesmo nome, é unha construción de 11 metros de altura, alzada sobre unha lomba duns 50 metros sobre o nivel do mar.

**O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL**

A paisaxe desta unidade caracterízase polo predominio dos elementos naturais sobre os antrópicos. O Monte da Insua constitúese como un lugar ideal para o goce da natureza, o paseo ou simplemente para contemplar o mar desde o fermoso faro que sinala este tramo de costa. Desde a súa parte máis alta é posible percorrer dunha soa ollada un tramo do litoral que vai desde máis aló do estuario do Río Anllóns até Punta Catasol sen esquecer a estupenda panorámica que desde aquí se ten da vila mariñeira de Laxe.

**DINÁMICA DA PAISAXE**

**RISCOS E IMPACTOS**

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

**3. AVALIACIÓN**

**VALORACIÓN DA PAISAXE**

A presenza do Faro de Laxe rodeado de fermosos saíntes rochosos outórgalle unha maior calidade á escena da unidade, tanto polo idílico deste punto da costa como polo simbolismo relacionado co mar, os naufraxios e as lendas. Trátase dunha unidade moi ben conservada na que a presenza de edificacións non repercute excesivamente en valores naturais propios destas costas. Este tramo de costa atópase recollido dentro do LIC Costa da Morte e catalogado dentro da Rede Natura 2000. Aproveitando o outeiro natural que nos brinda o relevo propomos para a súa observación e goce o Alto de Monte da Insua.



## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNNS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo

- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais                                |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

#### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

#### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

#### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

#### Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

#### Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



